



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACION DE 12/03/2009

ACTA Nº3

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP.
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Blanco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

Ausentes:

D^a Araceli Ríó Bimbiela, grupo PSOE, que xustificou a súa ausencia.

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día quince de xaneiro de dous mil oito, reuníronse logo de convocatoria en legal forma practicada os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria urgente en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a

ORDE DO DÍA:

1º.- PRONUNCIAMIENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE CONVOCATORIA.

O Sr. Alcalde xustifica a urxencia da convocatoria, ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986, na necesidade de realizar dous acordos plenarios, o primeiro de adxudicación provisional e o segundo de adxudicación definitiva unha vez presentada polo adxudicatario a garantía definitiva.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Sometida a urxencia da convocatoria a votación é aprobada por unanimidade dos membros presentes.

2º.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL CONTRATO DE OBRA: “EDIFICIO MUNICIPAL DE USO MÚLTIPLE: ESCOLA DE MÚSICA E DANZA E OFICINAS SINDICAIS”, FINANCIADA POLO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. EXPTE: 001/261/2009.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas, por motivos de urxencia xustificadas ao amparo dos artigos 79, 82.3 e 97.2 do RD 2568/1986.

Visto o proxecto de obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, redactado por “Plácido Lizancos Mora Arquitectura”, cun orzamento de licitación de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE, aprobado por acordo plenario de data 15/01/2008.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse Créditos Extraordinarios para Atender ao seu Financiamento; e a autorización para o financiamento do citado proxecto por Resolución polo Secretario de Estado de Cooperación Territorial de data 28/01/2009 e que a mesma, foi publicada na páxina Web do Ministerio de Administracións Públicas.

Resultando que por acordo plenario de data 9/02/2009 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para a obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais”, convocando a súa licitación.

Considerando o disposto en canto á tramitación de urxencia nos artigos 96 da LCSP, 52 da Lei 30/92, e 9 do Real Decreto Lei 9/2008, de 28 de novembro de 2008.

Visto o informe xurídico do Secretario Municipal de data 29/01/2009.

Visto o informe técnico de valoración das ofertas técnicas de data 12/03/2009 redactado por el Aparellador municipal, Clemente Fradejas Morillo, o Director facultativo da obra, Plácido Lizancos Mora, e o Director de execución da obra, José María Palomero.

Vista o acta da Mesa de Contratación de data 12/03/2009 na que se propón, de acordo co informe técnico, a adxudicación provisional do contrato de obra á mercantil Corsán-Corviam Construción, S.A., de acordo co seguinte cadro de puntuacións:

LICITADOR	A.PLAN EXECUC. OBRA	B.FOMENTO EMPREGO	C.MELLORAS PROXECTO	PUNTUACION TOTAL (A+B+C)
Corsán-Corviam Construcción, S.A.	55,35	90	60,49	205,84
Terrauga Proyectos y Obras, S.L y Divicotel S.L.(UTE)	39,35	90	56,50	185,85
Winterra Constructora, S.A	46,65	90	45,57	182,22
Hermínio Montero y Construcciones Voces, S.L. (UTE)	25,50	90	27,03	142,53
Hermanos Vigo Otero, S.L	21,00	90	29,53	140,53
CRC Obras y Servicios, S.L	37,50	50	37,18	124,68
Indeza Edificación y Obra Civil, S.L	39,15	50	33,28	122,43
Imaga Proyectos Y Construcciones SA	45,27	30	39,49	114,76



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Casas Novas, S.L.	38,08	10	40,11	88,19
Proyecon Galicia, S.A y Teydi,S.L (UTE).	40,00	15	27,16	82,16
TAP Obra Civil y Edificación, S.L.	32,23	15	22,00	69,23

Visto o informe favorable de Intervención Municipal de data 9/02/2009, e a fiscalización de conformidade á presente proposta.

De conformidade co establecido nos artigos 6, 65, 75.5, 105 e seguintes, 135.3, 153, 154, 155, 162, 212 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; e 118 a 179 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

Considerando a atribución concedida ao Pleno polo artigo 22.2 da Lei de Bases de Réxime Local.

Aberto o debate o Sr. Varela Rodríguez, voceiro do grupo PP, sinala que participou nas dous sesións da mesa de contratación e que todo o proceso de adxudicación do contrato fíxose correctamente, aínda que matiza que como xa dixese en plenos anteriores non esta de acordo no destino deste investimento. Sinala tamén que sería conveniente que se fixese un seguimento para que se cumpran todas as melloras ás que se compromete o adxudicatario, manifestando o seu desexo de que a obra salga o mellor posible.

O Sr. Alcalde agradece que a decisión sexa tomada por unanimidade.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA:

PRIMEIRO.- Adxudicar provisionalmente o contrato de obra “Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais” á mercantil “Corsán-Corviam Construción, S.A.”, con CIF A-79222709, e domicilio en Santiago, rúa Eduardo Pondal, nº 30,4º; como autora da proposición máis vantaxosa para a Corporación, de acordo coas seguintes condicións de execución ofertadas que pasan a ter carácter contractual:

- Prezo de 1.395.598,37 euros e 223.295,74 euros de IVE.
- Relación de persoal de obra adscrito ao contrato proposto.
- Plan de vixilancia e xestión ambiental proposto.
- Redución do prazo de execución da obra a 8,5 meses.
- Control de calidade interno proposto.
- Control de calidade externo por importe do 3% do orzamento de contrata.
- Plan de conservación e policía da obra proposto.
- Garantías complementarias propostas.
- Ampliación do prazo de garantía das obras a 5 anos.
- Redución de prazos administrativos propostos.
- Compromiso de fomento do emprego coa contratación de 19 traballadores desempregados durante 34 semanas.
- Melloras no sistema de aforro de enerxía e illamento térmico do edificio por importe de 96.755,32 euros (mais GG,BI e IVE).
- Melloras no sistema de illamento acústico do edificio por importe de 10.235,00 euros (mais GG,BI e IVE).
- Melloras en equipamento adicional á obra que mellore a súa funcionalidade por importe de 8.011,00 euros (mais GG,BI e IVE).



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

SEGUNDO.- Notificar a adxudicación provisional a todos os licitadores e requirir ao adxudicatario provisional do contrato para que presente no prazo máximo de cinco días a documentación justificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, e constitúa a garantía definitiva por importe de 69.779,92 euros (5% do importe de adxudicación sen IVE).

TERCEIRO.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante un anuncio no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Presentar por vía telemática a través da páxina "www.map.es" un certificado emitido polo Secretario do Concello coa conformidade do Alcalde, no que se fagan constar os datos da adxudicación que se transcriben no cadro adxunto:

Adxudicación provisional contrato de Obra: "Edificio Municipal de Uso Múltiple: Escola de Música e Danza e Oficinas Sindicais". Dirección: Praza de Galicia, s/n, Chantada.	
Procedemento de licitación das obras:	Aberto, varios criterios de adxudicación.
Data de adxudicación provisional:	12/03/2009
Identidade da empresa adxudicataria:	Corsán-Corviam Construción, S.A., CIF A-79222709.
Importe da adxudicación sen IVE:	1.395.598,37 euros
Tipo de IVE aplicable:	16%
Importe de IVE repercutible:	223.295,74 euros de IVE
Importe total da obra:	1.618.894,11 euros
Prazo de execución das obras:	8,5 meses
Número de persoas desempregadas a ocupar na realización das obras:	19 traballadores durante 34 semanas

E sendo as vinte horas e quince minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 12 de marzo de 2009

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel